


PLAN DIXITAL

ELABORACIÓN DO DAFO


PROCESO DE ELABORACIÓN DO PLAN DIXITAL



1/6

Novembro 2021


Rede DixitalGal
Posta en marcha da
rede e contacto das
persoas ADIX cos
centros



2/6

Decembro 2021

SELFIE
Configuración e
envío do SELFIE nos
centros educativos



3/6

Febreiro 2022


Test CDD
Realización do test
CDD por parte do
profesorado dos
centros



4/6

Marzo 2022


DAFO
Recompilación de
datos, reflexión e
DAFO



5/6

Abril-Maio 2022

Deseño
Definir obxectivos e
accións a seguir




6/6

Xuño 2022


Plan
Versión 1.0 do Plan
Dixital

PUNTOS A TRATAR NA FORMACIÓN.



- Introducción á ferramenta DAFO
- Metodoloxía para a elaboración do DAFO
- Implementación do DAFO na Aula Virtual

QUE É UNHA MATRIZ DAFO?



O modelo DAFO é unha ferramenta que se utiliza para o estudo da realidade dunha institución, un proceso, etc , con fin de facilitar a toma de decisións.

O nome provén dos catro ámbitos que centran a análise:

- Debilidades.
- Ameazas.
- Fortalezas.
- Oportunidades

QUE É UNHA MATRIZ DAFO?: ASPECTO.

O deseño do DAFO pode ser moi diverso pero é imprescindible manter ben definidas as catro seccións.

		Aspectos internos	Aspectos externos
Negativo		DEBILIDADES	AMEAZAS
Positivo		FORTALEZAS	OPORTUNIDADES

Exemplo de representación DAFO.


QUE É UNHA MATRIZ DAFO?



As debilidades e fortalezas corresponden a unha análise interna.

Son aspectos que dependen directamente do centro educativo.

QUE É UNHA MATRIZ DAFO?



As **ameazas e oportunidades** son elementos externos que actúan como obstaculizadores (negativo) ou facilitadores (positivo)

QUE É UNHA MATRIZ DAFO?

FACTORES INTERNOS

FORTALEZAS

Son **capacidades**, recursos, e vantaxes competitivas que deben e poden servir para explotar oportunidades.

DEBILIDADES

Son aspectos que **limitan** ou reducen a capacidade de desenvolvemento efectivo da estratexia do centro e constitúen unha **ameaza** para o mesmo e deben, polo tanto, ser controladas e superadas.

QUE É UNHA MATRIZ DAFO?

FACTORES EXTERNOS

OPORTUNIDADES

Forzas da **contorna** e o ambiente que poden ser aproveitadas como novos aspectos de mellora que afectan **positivamente** aos obxectivos do noso centro educativo.

AMEAZAS

Forzas das **contorna** que poden impedir a implantación dunha estratexia, ou ben, reducir a súa efectividade.

Non se refiren só ao presente, senon tamén ao que poida xurdir no futuro.

QUE É UNHA MATRIZ DAFO?

EXEMPLO DE MATRIZ DAFO

FORTALEZAS

Concienciación por parte do equipo directivo da importancia do uso das TIC e da realización dun Plan Dixital de Centro real e práctico.
Equipamento do centro a nivel de aulas: internet e pizarras digitais.
Uso da aula virtual en 5º e 6º de primaria.
Aula de informática dotada con 20 ordenadores
Ordenadores para o profesorado
Impresoras conectadas aos ordenadores de aula

DEBILIDADES

Desgaste que supón o estar motivando ao profesorado que non queren participar nas TIC.
Medo ao uso das TIC, ao descoñecido ou o que non se pode controlar e non querer saír da zona de confort.
Uso de metodoloxías tradicionais e acomodación.
Formación básica dos profesores en competencias dixitais.
Desinterese por introducir novas formas de organización e metodolóxicas.

OPORTUNIDADES

O que por parte da administración se fomenta a transformación dixital do centro a través do Proxecto de Plan Dixital de Centro.
Algúns/unhas docentes están preparados/as en competencia dixital.
Coordinador TIC con moitos coñecementos e preparación nas últimas tendencias dixitais.
Persona allea ao centro que repara equipos informáticos e problemas técnicos, aínda que as veces non con toda a rapidez requerida.

AMEAZAS

Excesiva burocracia e papeleo que restan enerxías.
Elevado número de alumnos por aula que require un gran esforzo.
Equipos moi antigos e obsoletos.
Falta de axudas económicas ou dotacións por parte da administración.
Problemas técnicos frecuentes debido á estrutura do edificio e montaxes técnicos da rede wifi.

QUE USAREMOS?

Para a elaboración da matriz DAFO utilizaremos a información obtida na etapa de reflexión coa aplicación de SELFIE e, en menor medida, do test de Competencia Dixital Docente.



QUE USAREMOS?: SELFIE

O INFORME SELFIE.

As persoas coordinadoras, unha vez que remata a aplicación do cuestionario SELFIE, teñen dispoñible para a descarga un informe que recolle un extracto dos resultados completos do centro.



QUE USAREMOS?: SELFIE

OS DATOS NA PLATAFORMA SELFIE.

A vantaxe de usar a opción web é a posibilidade de elixir distintos **formatos de visualización**.

No menú emerxente, ao pasar o rato sobre as gráficas, amosa **información adicional** de importancia, por exemplo, no resumo de áreas indica o número de preguntas que se poden configurar por cada perfil (equipo directivo, profesorado, alumnado).



QUE USAREMOS?: SELFIE

OS DATOS NA PLATAFORMA SELFIE.

Opcións de visualización

A plataforma permite **catro** opcións de visualización:

- **Resumo das áreas**
- **Resultados por área**
- **Resultados por grupos de usuarios**
- **Resultados por usuario**

Cada opción ten as súas vantaxes para acadar o noso obxectivo, detectar puntos fortes e débiles do centro educativo respecto da competencia dixital.

*Hai que ter en conta que **non** todos os centros seleccionaron as **mesmas preguntas**, e incluso no mesmo centro pode haber etapas educativas nas que non coincida o número de preguntas dun mesmo perfil, polo tanto calquera **comparativa** que queiramos facer cos valores obtidos no resumo da área pode ser **enganoso**.*

PLAN DIXITAL: ELABORACIÓN DA MATRIZ DAFO.

QUE USAREMOS?: SELFIE

OS DATOS NA PLATAFORMA SELFIE.

Resumo das áreas



Permite cunha soa visual saber cal foi a **área coa puntuación máis alta e a máis baixa, para cada un dos perfís.**

No exemplo vemos que a puntuación máis alta que asigna o perfil do **profesorado** é 3.4 na área **“E Pedagogía: apoios e recursos”** e a máis baixa é 1.9 na área **“B Colaboración e Redes”**.

Tamén nos da opción a **ver dispersións** entre a opinión **dos tres perfís** dentro dunha mesma área, restando as puntuacións entre eles.

Na imaxe hai unha diferenza de **1/(0,9)** punto entre o que pensa o **equipo directivo** e os outros **dous perfís** respecto da área **“F Pedagogía: implementación na aula”**. Semella que a percepción entre uns e outros é diferente neste aspecto.

QUE USAREMOS?: SELFIE

Resultados por grupos de usuarios

Neste formato vemos a opinión dos **tres perfís**, tanto das preguntas como das áreas.


A pregunta **B2** acada o valor mínimo desta área e de todos os resultados do test, un **2,6**; polo que este ítem poderíamos tomalo coma unha **debilidade**.




Todas las áreas

Ordenar por / Puntuación más alta ▼


Miembros del equipo directivo



Profesores/as




Alumnos/as



PLAN DIXITAL: ELABORACIÓN DA MATRIZ DAFO.

QUE USAREMOS?: SELFIE

Resultados por usuario



O gráfico de referencia para o [Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes \(DigCompOrg\)](#) é o que se presenta neste apartado.

Nel podemos apreciar cales son as preguntas elixidas para cada perfil e a puntuación acadada comparando cada unha delas.

*No exemplo observamos que, no apartado de **Pedagogía: Apoios e Recursos**, o alumnado só ten que responder a 1 das 5 preguntas posibles desa área, e polo tanto, a información que poidamos obter será máis completa se atendemos aos outros dous perfís.*

QUE USAREMOS?: SELFIE

Outras cuestións engadidas polo centro educativo e outras áreas

Para completar a análise da enquisa, a plataforma amosa:

1. **Preguntas engadidas polo centro**
2. **Outras áreas: DPC, ...**

O equipo directivo coñece a normativa relativa a adquisición de equipamento informático para os centros educativos



3

O centro difunde a información de interese e facilita o seguimento da actividade académica do alumnado a través de servizos dixitais educativos corporativos (web, aula virtual, videoconferencia, abalarMobil, correo electrónico...)



3.6

Son coñecedor/a das vantaxes do emprego de software libre no ámbito educativo e dispoño e fago uso deste tipo de ferramentas no centro



4

MODELOS PARA A ANÁLISE.

Para axudar na elaboración da matriz DAFO, temos dispoñibles tres modelos de análise, que poden usarse en combinación ou escoller un deles.

- Análise **cualitativa**.
- Análise **cuantitativa**.
- Análise **estatística**.



Tamén está dispoñible un modelo para aplicar a estratexia dos “**3 porqués**”.

MODELOS PARA A ANÁLISE.

Análise cualitativa.

O modelo recolle unha serie de aspectos extraídos do informe SELFIE, a modo de exemplo (cabe a ampliación redución ou modificación), co fin de determinar se para o noso centro educativo supoñen debilidade, fortaleza, ameaza ou fortaleza.

ASPECTOS INTERNOS	NOTAS SOBRE A TÚA VALORACIÓN.	
	DEBILIDADE.	FORTALEZA.
Existencia dunha estratexia dixital.		
Tempo do que dispón o profesorado para explorar novas modalidades de ensino.		
Tratamento das licenzas e dereitos de autoría.		
Existencia de canles de comunicación entre as diferentes etapas do centro.		

MODELOS PARA A ANÁLISE.

Análise cuantitativa.

Forma de aplicación:

1. Definimos unha puntuación de referencia, por exemplo a media xeral do teu centro, a media por áreas, un número entre 3 e 5, etc
2. Seleccionamos, por áreas, varios aspectos dos resultados do informe SELFIE e comprobamos se están por debaixo ou por riba da puntuación de referencia.
3. Marcar, segundo o criterio numérico, se eses aspectos corresponden a unha debilidade (D), fortaleza (F), ameaza (A) ou oportunidade (O)

Área	A. Liderado.	Puntuación de referencia				
Aspecto		Puntuación	D	F	A	O

MODELOS PARA A ANÁLISE.

Análise estatística.

	A	B	C	D	E	F	G	H	I	J	K	L	M	N
1	POÑA NESTAS COLUMNAS OS DATOS DO SEU SELFIE													
2			EQUIPO DIRECTIVO	PROFESORADO	ALUMNADO		EQUIPO DIRECTIVO	PROFESORADO	ALUMNADO		EQUIPO DIRECTIVO	PROFESORADO	ALUMNADO	
3	PERSOAS INVITADAS													
4	PARTICIPANTES													
5	TAXA PARTICIPACIÓN		#DIV/0!	#DIV/0!	#DIV/0!		#DIV/0!	#DIV/0!	#DIV/0!		#DIV/0!	#DIV/0!	#DIV/0!	
6	ÁREA PREGUNTA	Nº	PUNTUACIÓNS PRIMARIA				PUNTUACIÓNS ESO				PUNTUACIÓNS. BAC			
7			EQUIPO DIRECTIVO	PROFESORADO	ALUMNADO		EQUIPO DIRECTIVO	PROFESORADO	ALUMNADO		EQUIPO DIRECTIVO	PROFESORADO	ALUMNADO	
8	A	1												
9	A	2												
10	A	3												
11	A	4												
12	A	5												
13	A	6												
14	B	1												
15	B	2												
16	B	3												
17	B	4												
18	C	1												
19	C	2												
20	C	3												
21	C	4												
22	C	5												
23	C	6												
24	C	7												
25	C	8												
26	C	9												
27	C	10												
28	C	11												
29	C	12												
30	C	13												
31	C	14												
32	C	15												

Un documento en formato folla de cálculo de libreOffice para o tratamento das puntuacións do informe SELFIE.

En "inserir datos" introducimos os valores numéricos, e nas diferentes follas obtemos os resultados do tratamento: porcentaxes, desviacións, etc.

PLAN DIXITAL: ELABORACIÓN DA MATRIZ DAFO.

MODELOS PARA A ANÁLISE.

ANEXO: Exemplo de ITEMS para a ANÁLISE DAFO a partir do INFORME SELFIE

ANÁLISE INTERNA: FORTALEZAS (+ Si, suficiente ...), ou DEBILIDADES (- Non, insuficiente ...)

Organización e infraestrutura (A, B, C, D)

Área: A Liderado

A1: **Si/Non** existe unha estratexia dixital.

A4: **Suficiente/insuficiente** tempo para que os docentes podan explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital.

A5: **Si/Non** se coñecen os dereitos de autor.

Si/Non se contempla dentro do horario tempo adicado á comunicación.

Suficiente/insuficiente comunicación interna e externa.

O profesorado **Si/Non** se considera como conservador na adopción da tecnoloxía para a docencia e a aprendizaxe ("Late Majority").

Suficiente/insuficiente tempo para:

- formacións específicas e máis completas.
- xestión de repositorios propios.
- trasladar a aula os cambios metodolóxicos.

Si/Non hai diferenza entre as distintas familias de FP respecto ao uso/aproveitamento/visión metodolóxica das TIC

Área: B Colaboración e redes

B1: **Si/Non** existe certificación en competencias dixitais.

B2: **Si/Non** existe de reflexión sobre TIC's.

B3: **Si/Non** existe colaboración con outras entidades.

B4: **Si/Non** existe colaboración con outros centros.

B: **Si/Non** existen canles de comunicación entre as diferentes etapas do centro.

Si/Non existe cultura de traballo colaborativo en redes por parte do profesorado.

Área C: Infraestrutura e equipos

C1: **Si/Non** están actualizados os equipamentos e as redes

C5: **Si/Non** Asistencia técnica **insuficiente**.

C7: **Suficiente/insuficiente** Política de protección de datos

C.12: **Suficiente/insuficiente** Falta de formación sobre aprendizaxe mixta

C.13: **Si/Non** se contempla que o alumnado traia os seus propios dispositivos portátiles e poida utilizalos durante as clases.

C.14: **Suficiente/insuficiente** Carecemos de espazos físicos que faciliten a ensinanza e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais


C16: **Si/Non** existen repositorios ou bibliotecas en liña que conteñan materiais de ensinanza aprendizaxe.

Área D: Desenvolvemento Profesional Continuo (DPC)

Suficiente/insuficiente participación en proxectos interdisciplinares.

Suficiente/insuficiente reflexión sobre as necesidades de DPC.

Exemplo de ítems para o DAFO.



MODELOS PARA A ANÁLISE.

Estratexia dos “3 porqués”

A aplicación do método dos “3 porqués” facilitará a investigación sobre as causas que explican determinadas valoracións do test SELFIE.

Non se trata de encadear tres preguntas (“porqués”) senón de atopar tres causas para explicar a valoración do aspecto analizado.

Maior puntuación.	
ASPECTO	POSIBLES CAUSAS

PLAN DIXITAL: ELABORACIÓN DA MATRIZ DAFO.

INFORME DE CENTRO DO TEST CDD

1.1 Comunicación organizativa. Usar as tecnoloxías dixitais para mellorar a comunicación co profesorado, co alumnado e/ou coas familias.	8
1.2 Contornos virtuais de aprendizaxe. Xestionar contornos virtuais de aprendizaxe tendo en conta aspectos éticos e un uso adecuado do tratamento de datos.	6,7
1.3 Colaboración profesional. Usar tecnoloxías dixitais para colaborar e interactuar con compañeiros e compañeiras e/ou outros axentes educativos.	8
1.4 Tecnoloxías dixitais e infraestrutura do centro educativo. Empregar tecnoloxías dixitais (dispositivos, plataformas e software) e infraestrutura (acceso a Internet, rede local) dispoñibles no meu centro para mellorar a educación.	8
1.5 Práctica reflexiva. Reflexionar sobre a miña propia práctica profesional e a colectiva en canto ao uso das tecnoloxías dixitais.	6
1.6 Vida dixital. Contribuír dun xeito positivo e ético ao mundo dixital, tendo en conta prácticas dixitais seguras e responsables.	3,3
1.7 Aprendizaxe profesional (a través das tecnoloxías dixitais). Empregar as tecnoloxías dixitais para a propia aprendizaxe profesional.	6,7
1.8 Aprendizaxe profesional (sobre tecnoloxías dixitais). Participar en actividades de aprendizaxe profesional para o desenvolvemento da competencia dixital docente.	3,3
1.9 Pensamento computacional. Traballar cos conceptos e procesos do pensamento computacional como parte da competencia dixital docente.	6
2. Recursos dixitais	Puntuación media (sobre 10)
2.1 Busca e selección. Utilizar criterios de busca e selección para identificar recursos dixitais que cumpran os obxectivos do proceso de ensino-aprendizaxe.	6,7
2.2 Creación. Crear recursos dixitais que apoién e melloren os obxectivos de ensino-aprendizaxe.	8
2.3 Modificación. Modificar os recursos dixitais existentes para o apoio e mellora dos obxectivos de ensino-aprendizaxe, respectando as licenzas de autoría e distribución.	3,3
2.4 Xestión e protección. Organizar os contidos dixitais, permitindo un acceso fácil e seguro para o alumnado, as familias e o profesorado, e protexendo ao mesmo tempo os datos persoais e confidenciais.	6,7
2.5 Compartir. Compartir contidos dixitais respectando ás normas de propiedade intelectual e os dereitos de autoría.	6,7

				
2. Resultados				
2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro				
	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
CENTRO	79,9	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)
A puntuación media no TestCDD do seu centro foi de 79,9 sobre 192, polo tanto obtivo un nivel Integrador/a (B1).				

Puntuacións que podemos analizar para incorporar os resultados á matriz DAFO.

BOARD

DAFO online

Utilizaremos unha ferramenta de Moodle para a creación do DAFO na aula virtual.

Permite descargar un arquivo en formato .CSV para achegalo posteriormente á tarefa da aula virtual.

Fortalezas	Debilidades	Oportunidades	Ameazas
Infraestructuras	Infraestructuras	Contorna	Contorna
1. Mol boa conectividade 2. Elevado número de equipos	Organización de Centro	Administración Educativa	Administración Educativa
Oferta	Oferta	Lexislación	Lexislación
Familias	Familias	ANPA	ANPA
Alumnado	Alumnado	Outras entidades	Outras entidades
Persoal non docente	Persoal non docente	+	+
Organización de Centro	Persoal docente		
Persoal docente	+		
+			

ALGUNHAS CONSIDERACIÓNS

Dubidamos onde poñer un ítem?

É importante evitar debates eternos, que non os debates, pero se nos leva máis de 3 minutos decidir se un ítem debe ir nun lado ou noutro, ante esa situación mellor, como dicimos, poñelo nos dous lados e resaltalos, logo xa decidiremos máis adiante.

Non estamos dacordo se poñer ou non un ítem?

Ante a dúbida é mellor poñelo, coa súa puntuación ao lado e facendo referencia á procedencia das etapas. Ademais, estaría ben marcalo cunha D en amarelo por exemplo, para saber que era un ítem que nos levou á discusión. Ao final de todo podemos decidir se era ou non tan importante se trae consigo unha proposta de mellora importante para o centro ou pola contra pasa a un segundo plano e podería desaparecer do DAFO.

E se quedan ítems con puntuacións baixas sen meter no DAFO que?

Non pasa absolutamente nada, decidamos con cabeza é mellor traballar sobre cousas que sexan máis urxentes para o centro, teremos tempo de volver pasar o SELFIE e se eses datos seguen baixos podemos estudalos en vindeiras ocasións.

PLAN DIXITAL: ELABORACIÓN DA MATRIZ DAFO.



Grazas pola vosa atención



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE EDUCACIÓN
Y FORMACIÓN PROFESIONAL



Plan de Recuperación,
Transformación y Resiliencia



Financiado por la Unión Europea
NextGenerationEU



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE EDUCACIÓN
Y FORMACIÓN PROFESIONAL



Plan de Recuperación,
Transformación e Resiliencia